



Resolución provisional dos centros públicos seleccionados para participar nas actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, “English Week”, no curso 2017/2018 correspondentes ao 6º curso de Educación Primaria e aos cursos 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria.

Segundo os termos establecidos no artigo 10.2 da Orde de 19 de xullo de 2017 (DOG do 2 de agosto) pola que se regula a convocatoria e selección de centros docentes non universitarios sostidos con fondos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para participar en actividades de inmersión lingüística en lingua inglesa, English Week, dirixidas ao alumnado de sexto curso de educación primaria e de educación secundaria obrigatoria, faise pública a resolución provisional dos centros públicos seleccionados de sexto curso de Educación Primaria e de 1º, 2º, 3º e 4º de Educación Secundaria Obrigatoria, xunto coas quendas correspondentes, así como os centros que quedan como suplentes e os excluídos.

A exposición pública desta resolución provisional no portal educativo da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria (<http://www.edu.xunta.gal>) abre un prazo de cinco días naturais para efectuar reclamacións ou renuncias de acordo cos termos do artigo 10.4 da Orde de 19 de xullo de 2017.

Santiago de Compostela, 26 de setembro de 2017

O presidente da comisión de selección



Asdo.: Manuel Vila López

Subdirector Xeral de Ordenación e Innovación Educativa e Formación do Profesorado

NOTA: Por mor dunha maior axilidade na xestión, poden adiantar as posibles alegacións e/ou renuncias por correo electrónico ao enderezo: xsoie@edu.xunta.gal ou por fax ao número 981546550, o que non exclúe facelo segundo o procedemento administrativo establecido.